



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CURSO 2010 2011

GUIAS DOCENTE MATERIAS ESPECÍFICAS SEGUINTE S ":

ACUSTICA XERAL
REPERTORIO CON PIANO ACOMPAÑANTE
IMPROVISACION (PIANO)

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MUSICA DE VIGO

C/. Manuel Olivié, 23. VIGO 36203 - Telf. 986/471144 - 986/493426 Fax: 986/481807

cmus.vigo@edu.xunta.es web:[http:// conservatoriosuperiorvigo.com](http://conservatoriosuperiorvigo.com)

GUIAS DOCENTES MATERIAS ESPECÍFICAS SEGUINTE

..
:

ACUSTICA XERAL
REPERTORIO CON PIANO ACOMPAÑANTE
IMPROVISACION (PIANO)

GUÍA DOCENTE

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA MATERIA			
CODIGO			
MATERIA	Acústica Xeral		
AREA DE COÑECEMENTO	Tecnoloxía Musical		
TITULACIÓN	Graduado/a en Música		
ESPECIALIDADE(S)	Composición		
ITINERARIO (S)	Composición		
CURSO	1º	CUADRIMESTRE	1
CREDITOS ECTS	3 Ects o Cuadrimestre, 1h presencial á semán		
CHARACTER	Materia Obrigatoria		
DEPARTAMENTO	Composición		
CENTRO	Conservatorio Superior de Música de Vigo		
COORDINADOR/A			
DOCENTE/S	Ramón Cabezas Varela	Horario Titorías Venres de 16 a 18h	Tlf. 609394079 Email: ramoncabezas@edu.xunta.es
DESCRIPCIÓN DA MATERIA	Esta materia versa sobre a seguintes unidades: Fundamentos de acústica aplicada a música e o emprego de ferramentas propias do audio dixital (de xeración, manipulación e procesamiento do sonido) de cara a unha mellor comprensión dos conceptos acústicos.		
COÑECEMENTOS PREVIOS	E recomendábel que o alumnado teña coñecementos xerais de ofimática, e que no grao medio tivesen feito algún curso de iniciación a informática musical.		

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS	
T1	Organizar e planificar o traballo de maneira eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala de xeito adecuado.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Empregar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T5	Comprender e utilizar, alo menos, una lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.
T6	Realizar autocrítica no propio desempeño profesional e interpersonal.

T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica constructiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
T10	Liderar e xestionar grupos de traballo.
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental enfocada a diversidade.
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e selecciona-los cauces adecuados de formación continuada.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T14	Domina-la metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T15	Traballar de forma autónoma e valora-la importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T16	Usa-los medios e recursos o seu alcance con responsabilidade enfocando o patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DE TITULACION	
X1	Coñecer os principios teóricos da música e desenvolver adecuadamente aptitudes para o recoñecemento, a comprensión e a memorización do material musical.
X2	Mostrar aptitudes adecuadas para a lectura, improvisación, creación e recreación musical.
X3	Producir e interpretar correctamente a notación gráfica de textos musicais.
X4	Recoñecer materiais musicais grazas o desenvolvemento da capacidade auditiva e saber aplicar esta capacidade a súa práctica profesional.
X5	Coñecer os recursos tecnolóxicos propios do seu campo de actividade e as súas aplicacións na música preparándose para asimila-las novidades que se produzan nel.
X6	Dominar un ou máis instrumentos musicais nun nivel adecuado o seu campo principal de actividade.
X7	Demostrar capacidade para interactuar musicalmente en diferentes tipos de proxectos musicais participativos.
X8	Aplica-los métodos de traballo máis apropiados para supera-los retos que se lle presenten no terreo do estudio persoal e na práctica musical colectiva.
X9	Coñece-las características propias do seu instrumento principal, en relación a súa construción e acústica, evolución histórica e influencias mutuas con outras disciplinas.
X10	Argumentar e expresar verbalmente os seus puntos de vista sobre conceptos musicais diversos.
X11	Estar familiarizado cun repertorio amplo e actualizado, centrado na súa especialidade pero aberto a outras tradicións. Recoñece-los rasgos estilísticos que caracterizan a dito repertorio e poder describilos de forma clara e completa.
X12	Acreditar un coñecemento suficiente do feito musical e a súa relación co a evolución dos valores estéticos, artísticos e culturais.
X13	Coñece-los fundamentos e a estrutura da linguaxe musical e saber aplicalos na

	práctica interpretativa, creativa, de investigación ou pedagóxica.
X14	Coñece-lo desenvolvemento histórico da música nas súas diferentes tradicións, dende unha perspectiva crítica que sitúe o desenvolvemento do arte musical nun contexto social e cultural.
X15	Ter un amplo coñecemento das obras máis representativas da literatura histórica e analítica da música.
X16	Coñece-lo contexto social, cultural económico no que se desenvolve a práctica musical, con especial atención o seu entorno máis inmediato pero con atención a súa dimensión global.
X17	Estar familiarizado cos diferentes estilos e prácticas musicais que lle permitan entender, nun contexto cultural máis amplo, o seu propio campo de actividade e enriquecelo.
X18	Comunicar de forma escrita e verbal o contido e os obxectivos da súa actividade profesional a persoas especializadas, con uso adecuado do vocabulario técnico e xeral.
X19	Coñece-las implicacións pedagóxicas e educativas da música en distintos niveis.
X20	Coñece-la clasificación, características acústicas, históricas e antropolóxicas dos instrumentos musicais.
X21	Crear e dar forma os seus propios conceptos artísticos desenvolvendo a capacidade de expresarse a través deles a partir de técnicas e recursos asimilados.
X22	Dispoñer de recursos musicais amplos e diversos para poder crear ou adaptar pezas musicais, así como, improvisar en distintos contextos a partir do coñecemento de estilos, formatos, técnicas, tendencias e linguaxes diversos.
X23	Valora-la creación musical como a acción de dar forma sonora a un pensamento estrutural rico complexo.
X24	Desenvolver capacidades para a autoformación ao longo da súa vida profesional.
X25	Coñecer e ser capaz de utilizar metodoloxías de estudio e investigación que lle capaciten para o continuo desenvolvemento e innovación da súa actividade musical ao longo da súa carreira.
X26	Ser capaz de vincula-la propia actividade musical a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e o resto de disciplinas musicais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión con unha dimensión multidisciplinar.
X27	Coñecer e aplica-la lexislación relativa o seu ámbito profesional.
COMPETENCIAS ESPECIFICAS DA ESPECIALIDADE DE COMPOSICIÓN	
E1	Coñece-los principais repertorios da tradición occidental e de outras músicas, e adquire-la con capacidade de valorar plenamente os aspectos expresivos, sintácticos e sonoros das obras correspondentes.
E2	Adquire-la formación necesaria para recoñecer e valorar auditiva e intelctualmente distintos tipos de estruturas musicais e sonoras.
E3	Interpretar analiticamente a construción das obras musicais en todos e cada un dos aspectos e niveis estruturais que as conforman.
E4	Saber aplicarlas novas tecnoloxías o ámbito da creación musical nunha variedade de contextos e formatos, incluíndo as colaboracións con outros campos artísticos
E5	Domina-las técnicas e recursos dos principais estilos compositivos históricos e recentes.
E6	Coñece-los fundamentos da acústica musical, as características acústicas dos

	instrumentos, as súas posibilidades técnicas, sonoras e expresivas, así como as súas posibles combinacións.
E7	Desenvolver a interese, capacidades e metodoloxías necesarias para a investigación e experimentación musical.
E8	Coñece-las tendencias e propostas máis recentes nos distintos campos da creación musical.
E9	Valorar e coñecer de forma crítica as tendencias principais no campo da interpretación nun amplo repertorio de diferentes épocas e estilos.
E10	Transmitir verbalmente un xuízo teórico, analítico, estético e crítico ben estruturado, máis alá da a súa aplicación no ámbito estritamente compositivo.
E11	Adquirir unha personalidade artística singular e flexible que permita adaptarse a entornos e retos creativos múltiples.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA	Competencias relacionadas
1.- Adquirir un conxunto de coñecementos relacionados coa a acústica físico-musical, a acústica de salas, a acústica fisiolóxica e a psicoacústica.	X1, X5,X8,X10 E6
2.- Coñecemento dos instrumentos musicais, seus diferentes clasificacións e suas diferentes características.	X1, X5, X8,X9,X10,X20,E6
3.- Coñecer as técnicas e procedementos máis usuais para a síntese e análise de son para a comprensión a través de software e hardware concreto.	X5, X8,X18,X25, X26,E4

4. CONTIDOS	Sesiões
Cuadrimestre 1	
Contidos Conceptuais e Descritores de Subtemas	
1.- Acústica física e o son. Cualidades do son.	7 Sesiões X1, X5,X8,X10 E6
2.- Acústica musical: Os intervalos Construcción de escalas Consoancia e disoancia Organoloxía	7 Sesiões X1, X5, X8,X9,X10, X20,E6
3.- Acústica arquitectónica	1 Sesião X1, X5,X8,X10 E6
4.- Acústica fisiolóxica.	2 Sesiões X1, X5,X8,X10 E6
Total Sesiões	17 Sesiões
Contidos Procedimentais	

1.- Recoñecemento dos compoñentes do sonido a través da análise espectral de arquivos wav.
2.- Aplicación das ferramentas dun editor de sonido con obxecto de xenerar sons e manipulalos.
3.- Síntese de sonidos complexos a partires de sonidos puros.
4.- Análise comparativo de sonidos complexos e sintetizados por medios electroacústicos debatindo os resultados.
5.- Hixiene e mantemento do material informático
6.- Cumprimento da normativa de protección ambiental

5. PLANIFICACION DOCENTE

<i>Nota: O cálculo das horas e sobre 19 sesións por cuadrimestre (2 sesións de 1h cada unha adicadas á avaliación inicial e final)</i>	Horas T. presenciais	Horas T. non presenciais	Total horas T.
Actividades introdutorias	1h		1h
Exposición práctico-teórica	15h		15h
Práctica individual		67h	67h
Pescuda de información		4h	4h
Exposición e debate de traballos			
Titorías de individual / grupo		6h	6h
Actividades de avaliación:			
1. Probas	1h		1h
2. Revisión de probas	1h		1h
Total 1	19h	71h	90h

6. DESCRITORES DE PLANIFICACION DOCENTE (METODOLOXIA)

Descritores	
Actividades introdutorias	Tratan de comprobar os coñecementos previos do alumnado no campo das novas tecnoloxías.
Exposición práctico-teórica	Neste tipo de actividades o profesor explica de xeito teórico-práctico os contidos expresados na programación.
Práctica individual	Estudo e práctica do alumno a partir das explicacións do profesor e da súa investigación persoal.
Pescuda de información	Investigación do alumno nos contidos a partir das directrices do profesor nas clases e titorías.
Exposición e debate de traballos	Exposición por parte do alumno dos traballos esixidos para a superación da materia.

Tutorías de individual /grupo	A determinar dependendo das necesidades do alumnado.
Actividades de avaliación: Probas	Exame por cuadrimestre ou de todo o curso.
Actividades de avaliación: Revisión	Revisión e comentario dos resultados do exame por parte do profesor.
Estratexias Metodolóxicas	
<p>O carácter das clases é de pequenos grupos de dous alumnos, polo que o contacto profesor alumno é extremadamente directo polo cal a programación adaptarase de modo moi continuo e individualizado ás características de cada alumno, facendo maior incidencia naqueles aspectos da programación máis custosos para o alumno.</p> <p>As clases desenvolveranse de modo participativo entre profesor e alumnos, usando tódolos medios tecnolóxicos do laboratorio electroacústico da aula o alcance do profesor e dos alumnos, promovendo a debate na escoita de exemplos reais musicais.</p> <p>Impulsarase o desenvolvemento analítico do alumno, así como, a súa capacidade de integración dos diferentes medios informáticos, desenvolvemento auditivo, memorización e comprensión musical.</p> <p>Fomentarse o coñecemento do traballo de cada alumno por parte de todos, (se poderán facer actividades conxuntas de tipo analítico, etc.), así como, impulsar os traballos de carácter libre e persoal para a súa difusión a través de audicións e concertos.</p>	

7. AVALIACIÓN

1.- Modelo de Avaliación

A avaliación realizarase por medio dos seguintes procedementos:

- Por medio do rendemento diario nas clases e calidade dos traballos semanais realizados na casa.
- Por medio da realización dun exame cuadrimestral no que se incluírá a materia tratada no curso.

O exame final consistirá na resposta as preguntas sobre a propostas relativas a materia do curso. O exame adecuarase ó tempo dispoñible para a realización do mesmo.

Para o alumnado que perda o dereito á avaliación continua, por faltas de asistencia:

- Probas obxectivas (exames)
- Entrega de traballos

NOTA: O alumnado que non supere a asignatura ou perda o dereito a avaliación continúa, poderá presentarse ao examen no mes de xullo (non no mes de xunio).

2.- Criterios de avaliación

- Identificación dos diferentes parámetros que conforman o estudio da acústica físico-musical.
- Comprensión, aplicación e valoración dos diferentes conceptos que sexan de aplicación nas obras obxecto de estudo durante o curso.
- Actitude do alumno: realización dos traballos diarios, evolución no proceso de aprendizaxe, etc.

3.- Ferramentas de avaliación

3.1- Proba obxectivas ordinaria de febreiro:

Realización dunha ou varias probas teórico-prácticas, se procede, que comprendan algúns dos obxectivos e contidos contemplados na programación do **Cuadrimestre 1º**, e que serán realizadas na aula cunha duración máxima de unha hora e trinta minutos e que demostren o coñecemento teórico e práctico dos coñecementos aprendidos.

Traballos a realizar polos alumnos: para a proba de febreiro, ademais das probas obxectivas correspondentes para ter garantía de superar a materia no exame, deberase entregar polo menos un traballo ou proxecto de secuenciación wave – audio (a determinar) e/ou de manipulación de mostras, con materiais acordados polo profesor, cunha explicación dos materiais e procedementos empregados nun entorno de secuenciación traballado en clase ou noutros coma Cubase, Nuendo ou Adobe Audition, o outros.

Os alumnos que non asisten a clase deberán realizar unha proba global cos exercicios que determine o Departamento ou polo Profesor da materia, conseguinte na realización dun ou varios exercicios que comprendan os contidos da materia do **Cuadrimestre 1º**, e nos que o alumno demostre que está capacitado para atinxir os obxectivos e contidos establecidos na programación, asemade deberá entregar o proxecto de secuenciación audio (a determinar) e/ou de manipulación de mostras, con materiais acordados polo profesor, cunha explicación dos materiais e procedementos empregados nun entorno de secuenciación traballado en clase ou noutros coma Cubase, Nuendo ou Adobe Audition, o outros.

Aqueles alumnos que realicen a **proba de ampliación** deberán, tamén presentar, o proxecto de audio.

O **sistema de cualificación** consignarase nos termos de suspenso, aprobado,

notable, sobresaínte e matrícula de honra. As **calificacións serán comunicadas** ós alumnos nas clases e/o mediante certificación (papeleta) da secretaria do Centro.

Os alumnos **de Erasmus** rexistranse pola legislación vixente.

Competencias Avaluadas Cuadrimestre 1º: X1, X13, X20, E6; X5, E4; X3, X5, X13, E1, E2, E3, E9; X.4, X14, X15, E1, E2, E9.

3.4.- Proba obxectiva de ampliación:

O **alumnado que pretenda ampliar** materia dun curso a outro terá que facer as probas obxectivas correspondentes que se determinen polo departamento e profesor, vindo a ser similar a proba obxectiva de xullo para os alumnos que suspenden ou non asisten a clase durante o curso. Véase punto 3.3.

3.5.- Sistema de cualificación:

O **sistema de cualificación** consignarase nos termos de suspenso, aprobado, notable, sobresaínte e matrícula de honra. As **calificacións serán comunicadas** ós alumnos nas clases e/o mediante certificación (papeleta) da secretaria do Centro.

3.6.- Alumnado erasmus:

Os alumnos **de Erasmus** rexistranse pola legislación vixente.

8. BIBLIOGRAFIA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

Material Curricular Básico

Acústica físico-musical. Antonio Calvo-Manzano. Real Musical (Madrid, 1991).

Acústica musical. Francisco Estévez Días. Opera tres. Ediciones (Madrid, 1990).

Acústica para todos, ¡incluidos los músicos! Miguel Fernández. Colección música, arte y proceso (Vitoria-Gasteiz, 2000).

Afinación y temperamentos históricos. J. Javier Goldáraz Gaínza. Alianza Música (Madrid, 2004).

Los Sonidos de la música. John R Pierce. Biblioteca “Scientific American” (Barcelona, 1995).

Ingeniería acústica. Manuel Recuero. Paraninfo (Madrid, 1994).

Acústica Musical. Luís L. Henrique, Fundación Calouste Gulbelkian (Lisboa, 2007).

Acústica Musical. Gonzalo Fdez. de la Gándara / Miguel Lorente. Ediciones del ICCMU (Madrid).

9. OBSERVACIONES

Recursos

Agrupamentos

Grupos de 10/1 unha vez por semana 1 hora cada sesión de clase.

Espazos

Aulas de 40 metros cadrados.

Materiais

Hardware

- Tarxeta *Alesis Multimix 8 USB (48Khz/16bit)* (1 stereo out)
- Tarxeta *Motu Ultralite Firewire (96Khz/24bit)* (8 canais)
- 1 Micrófono *AKG 414*, cableado e unha xirafa.
- 1 Disco duro externo *LACIE 500 Gb*
- 1 Impresora *HP deskjet 940 c*
- Monitores de estudio *Mackie HR824 High Resolution* (2 unidades)
- Cascos *AKG K 270* (4 unidades) e *AKG K 70* (7 unidades)
- 1 Proxector
- 1 Ordenador portátil e un sobremesa (PC)

Software

Cubase LE / Protools.

Wavelab 5.0

Spear

Halion

Musicspectrum 1.3 e Matlab

GUIA DOCENTE

DA MATERIA DE

REPERTORIO CON PIANO ACOMPAÑANTE I

1º CURSO LOE 1º CUATRIMESTRE

Curso 2010-2011

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA MATERIA			
CODIGO			
MATERIA	Repertorio con Piano Acompañante I		
ÁREA DE COÑECEMENTO	Formación Instrumental Complementaria		
TITULACIÓN	Graduado en Música		
ESPECIALIDADE	Interpretación		
ITINERARIOS	Clarinete, contabaixo, fagot, fruta travesa, óboe, saxofón, trombón, trompa, trompeta, tuba, viola, violín e violonchelo		
CURSO	1º	CUADRIMESTRE	1º
CRÉDITOS ECTS	1		
CARACTER	Obrigatoria específica		
DEPARTAMENTO	Piano Acompañante		
CENTRO	CMUS Superior de Vigo		
COORDINADOR	Pablo Rodríguez Fernández		
DOCENTES	Nome e apelidos	Titorías	E-mail
	Alejo Amoedo Portela	Martes 12 Martes 13	alejoamoedo@edu.xunta.es
	Rasa Biveiniene	Martes 13 Venres 12	rasabiveiniene@edu.xunta.es
	Pablo Galdo Vigo	Venres 13 Venres 14	pablogaldo@yahoo.es
	Cristina García Lomba		clomba@edu.xunta.es
	Enrique Goberna Fernández		enriquegoberna@edu.xunta.es
	Nicasio Gradaille Peña	Martes 11 Martes 12	nicasiogradaille@hotmail.com
	Arabel Moráguez Garcell	Mércores 11 Venres 12	arabelmoraguez@edu.xunta.es
	Severino Ortiz Rey		severinoortiz@edu.xunta.es
	Carlos Enrique Pérez Gómez	Luns 10 Venres 10	carlosenrique@edu.xunta.es
	Constantino Pérez Muras	Martes 10 Xoves 12	tinomuras@edu.xunta.es
	Patricia Rejas Suárez	Luns 11 Xoves 12	patriciarejas@edu.xunta.es
	Pablo Rodríguez Fernández	Martes 17 Mércores 16	pablo.rodriguez@edu.xunta.es
DESCRIPCIÓN DA MATERIA	Estudo e práctica interpretativa do repertorio a dúo con piano e concertante, con acompañamento pianístico, máis representativo do itinerario instrumental cursado polo alumno. Desenvolvemento técnico e dos coñecementos estilísticos necesarios para unha correcta interpretación do repertorio con acompañamento pianístico. Interpretación en público.		

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
COMPETENCIAS XERAIS	
X3	Producir e interpretar correctamente a notación gráfica de textos musicais.
X4	Recoñecer materiais musicais gracias ao desenvolvemento da capacidade auditiva e saber aplicar esta capacidade á súa práctica profesional.
X7	Demostrar capacidade para interactuar musicalmente en diferentes tipos de proxectos musicais participativos.
X8	Aplicar os métodos de traballo máis apropiados para superar os retos que se lle presenten no terreo do estudo persoal e na práctica musical colectiva.
X11	Estar familiarizado cun repertorio amplo e actualizado, centrado na súa especialidade pero aberto a outras tradicións. Recoñecer os rasgos estilísticos que caracterizan a dito repertorio e poder describilos de forma clara e completa.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS	
E1	Interpretar o repertorio significativo da súa especialidade tratando de xeito adecuado os aspectos que o identifican na súa diversidade estilística.
E2	Construir unha idea interpretativa coherente e propia.
E3	Demostrar capacidade para interactuar musicalmente en todo tipo de proxectos musicais participativos, desde o dúo ata os grandes conxuntos.
E4	Expresarse musicalmente co instrumento de xeito fundamentado no coñecemento e dominio da técnica instrumental e corporal, así como das características acústicas, organolóxicas e das variantes estilísticas.
E5	Comunicar, como intérprete, as estruturas, ideas e materiais musicais con rigor.
E8	Asumir adecuadamente as diferentes funcións subordinadas, participativas ou de liderazgo que se poden dar nun proxecto musical colectivo.
E10	Coñecer as implicacións escénicas que conleva a súa actividade profesional, e ser quen de desenvolver as súas aplicacións prácticas.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA	Competencias relacionadas
1. Practicar e interpretar o repertorio a dúo con piano ou concertante, a través da redución da parte orquestral a acompañamento pianístico, máis salientable do itinerario instrumental que estea a cursar o alumno, coa supervisión e o apoio do pianista acompañante.	T (TODAS*) X (TODAS*) E (TODAS*)
2. Desenvolver a capacidade de traballo en grupo, e de compromiso e optimización do esforzo.	T (TODAS) X7, X8 E3, E8
3. Desenvolver a sensibilidade auditiva como medio para actuar sobre a calidade da interpretación.	T1, T3, T6, T13 X3, X4, X8 E1, E2, E3, E4, E5
4. Desenvolver as técnicas de interpretación a dúo con piano.	T (TODAS) X (TODAS) E (TODAS)
5. Coñecer e perfeccionar as obras musicais traballadas, aplicando criterios estéticos, estilísticos e de tradición interpretativa.	T 3, T13 X3, X8, X11 E1, E2, E4
6. Valorar a importancia do coñecemento tanto da parte instrumental/solista como da pianística/orquestral para acadar un resultado óptimo na interpretación.	T3, T13 X3, X4, X8, X11 E1, E2, E5
7. Interpretar en público o repertorio traballado nos ensaios, cunha calidade válida e amosando entidade artística.	T (TODAS) X (TODAS) E (TODAS)
*Refírese a todas as mencionadas en cada grupo no apartado 2 de Competencias	

4. CONTIDOS		
TEMAS	Descritor de subtemas	Sesi3ns
1. Pr3ctica do repertorio da materia de Instrumento I		
2. Desenvolvemento da audici3n interna aplicado 3 interpretaci3n con piano acompa3ante	2.1. Audici3n polif3nica: 2.1.1. Discriminaci3n das partes 2.1.2. Audici3n de conxunto 2.2. Audici3n estrutural: 2.2.1. Procesos harm3nicos 2.2.2. Procesos formais 2.2.3. Caracter3sticas da textura 2.3. Audici3n textural: 2.3.1. Interiorizaci3n do pulso e do tempo 2.3.2. M3trica e articulaci3n. 2.3.3. Sensibilidade e control da afinaci3n e do timbre 2.3.4. Independencia dos planos sonoros 2.3.5. Equilibrio dos elementos anteriores.	
3. T3cnicas de interpretaci3n con piano a d3o/acomp3ante	3.1. Adecuaci3n da afinaci3n ao temperamento do piano 3.2. Modos de ataque e articulaci3n 3.3. Diferenciaci3n de planos sonoros 3.4. Xestualidade axeitada 3 comunicaci3n da intenci3n musical 3.5. Interacci3n e reacci3n na interpretaci3n a d3o 3.6. Fluidez e permeabilidade ag3xica entre os int3rpretes 3.7. Rigor na puls3n r3tmica entre os int3rpretes 3.8. Diferenciaci3n entre os roles sol3stico e camer3stico 3.9. Co3ecemento profundo do texto musical na s3a totalidade 3.10. Diferencia entre a realizaci3n orquestral e a realizaci3n pian3stica das obras concertantes	15
4. Interpretaci3n en		1

público		
---------	--	--

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
	Horas presenciais	Horas non presenciais	Horas Totais
Ensaíos	15	0	15
Práctica individual	0	14	14
Actividades de avaliación: Audición pública	1	0	1
		TOTAL	30

6. DESCRITORES DA ACTIVIDADE DOCENTE	
Ensaíos	Traballo pormenorizado e desenvolvemento paralelo e uniforme dos temas 1 a 3 da materia, en clases individuais e co apoio do docente a nivel expositivo e interpretativo.
Práctica individual	Adestramento persoal do alumno de todas as ferramentas técnicas e interpretativas achegadas polo docente nos ensaios. Comprenderá a lectura e a análise en todos os seus parámetros do repertorio a estudar, así como a preparación e posta a punto dos recursos técnicos e interpretativos que se precisen para poder desenvolver os ensaios con normalidade.
Audición pública	Presentación en público do repertorio sobre o que se desenvolveu o traballo, co apoio interpretativo do docente.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	Competencias avaliadas
1. Interpretar en público repertorio con piano acompañante, con corrección técnica e estilística, e amosando personalidade artística.	T (TODAS)
	X (TODAS)
	E (TODAS)
2. Amosar capacidade de compromiso, de traballo e de optimización do esforzo, de xeito que os ensaios sexan rendibles para estar preparado para afrontar unha audición pública nunha data prefixada.	T (TODAS)
	X7, X8
	E (TODAS)
3. Amosar que se adquiriu a sensibilidade auditiva necesaria nos seguintes parámetros, para o control da interpretación con piano acompañante: <ul style="list-style-type: none"> • Afinación • Pulsación, ritmo e agónica • Articulación • Volumen sonoro/Planos sonoros 	T (TODAS)
	X3, X4, X8
	E3, E3, E4, E5, E8
4. Amosar capacidade de adecuación da afinación do instrumento ao marco sonoro imposto polo piano	T3, T6, T13
	X3, X4, X8
	E3, E4, E5
5. Amosar capacidade para adecuar o ataque e a articulación ás demandas impostas polo piano e polas cualidades do repertorio traballado.	T3, T6, T13
	X3, X4, X8
	E1, E3, E4, E5
6. Utilizar e percibir os xestos adecuados para establecer a comunicación do impulso musical entre ambos intérpretes.	T7, T13
	X7
	E3, E4, E5, E8
7. Amosar capacidade de reacción e de adaptación no ámbito da interpretación, así como de rigor no mantemento do pulso e na medida, en función do repertorio traballado.	T13
	X3, X4, X7, X8
	E2, E2, E3, E4, E5, E8

8. Aplicar os procedementos interpretativos adecuados ás características fundamentais da obra, esto é, estilo e xénero, amosando un coñecemento profundo do texto na totalidade dos seus parámetros estruturais e instrumentais e, en concreto, da parte asignada ao piano.	T (TODAS)
	E (TODAS)
	E1, E2, E3, E4, E5, E8

8. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

8.1. Avaliación ordinaria

FERRAMENTA/ACTIVIDADE	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
Avaliación continua (Ensaio)	TODAS excepto E10	40,00%
Audición pública (febreiro)	TODAS	60,00%

8.2. Avaliación extraordinaria

FERRAMENTA/ACTIVIDADE	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
Exame-Audición (xullo)	TODAS	100,00%

9. OBSERVACIÓNS

Por ser **Repertorio con piano acompañante I** unha materia vinculada no seu desenvolvemento á materia de Instrumento I, e que ademais, pola súa natureza, require dun traballo previo aos ensaios de preparación interpretativa tanto por parte do alumno como do docente para poder desenvolverse con normalidade, o departamento de Piano acompañante desexa facer constar as seguintes observacións:

1. *O repertorio que será traballado co alumno/a polo pianista acompañante na materia de Repertorio con piano acompañante I, escollerase de entre as obras traballadas polo alumno/a na materia de Instrumento I. Dito repertorio será pactado polos docentes de ambas materias AO PRINCIPIO DO CURSO.*
2. *Os ensaios poderanse consensuar entre o pianista acompañante e o profesor do alumno/a na materia de Instrumento I, se ambos docentes o consideran oportuno, podendo así realizar os dous profesores sesións conxuntas de ensaio co alumno/a nun número a criterio de ambos. De non ser así, o pianista acompañante atenderá ao alumno/a individualmente.*

3. **No caso en que o pianista acompañante atenda ao alumno/a de xeito individual**, se o nivel interpretativo por parte do alumno/a ao finalizar todos os ensaios non acada un mínimo esixible para poder presentar o traballo realizado na audición pública, o pianista acompañante informará ao profesor do alumno/a na materia de Instrumento I desta situación e coa suficiente antelación con respecto á data de celebración da audición.

GUIA DOCENTE

DA MATERIA DE

REPERTORIO CON PIANO ACOMPAÑANTE II

1º CURSO LOE 2º CUATRIMESTRE

Curso 2010-2011

